


A auga e os seres vivos


A auga é unha substancia imprescindible para a vida: forma parte dos tecidos de todos os seres, é o medio de transporte para os materiais da nutrición e o elemento máis determinante da distribución dos seres vivos nos distintos ecosistemas

A auga forma parte das células de todos os seres vivos. É o medio no que se distribúen as substancias que entran e saen das células (nutrintes, residuos...)



O líquido que protexe o feto durante o embarazo está composto esencialmente por auga.

O sangue é unha mestura de auga, sales, azucres... no que viaxan en suspensión distintos tipos de células (hematíes, leucocitos, trombocitos...) e substancias (graxas...).



Sangue humano.

Os VEXETAIS utilizan a auga para formar materia orgánica durante a fotosíntese. A materia orgánica que elaboran os vexetais é a base sobre a que se sustenta toda a vida.


a auga é vida

Adela Leiro
Mon Daporta

A presenza de auga nunha zona é un dos principais determinantes para o asentamento das comunidades vexetais que á súa vez dan lugar a diferentes hábitats.




SELVA TROPICAL. Ecosistema con abundante humidade durante todo o ano.



DESERTO. Ecosistema con grave escaseza de auga.



LAGOA de auga doce.



Fondo mariño

ADAPTACIÓNS Á VIDA ACUÁTICA

Existen multitude de seres que viven na auga de xeito permanente ou temporal. Para desenvolverse con éxito neste medio precisan dunhas adaptacións específicas que afectan á forma de respirar, de desprazarse, de reproducirse, de alimentarse...

Para poderen respirar dentro da auga teñen órganos especializados que capturan o osíxeno disolto (galadas ou bránquias). Algúns saen a coller aire fóra (mamíferos, réptís, anfibios, insectos...)




Bacallaas

Os animais desprázanse na auga axudados polas súas formas hidrodinámicas e de órganos de propulsións (aletas, patas palmeadas...)



Patinador




Ra

Somorgullos

Algúns animais, sobre todo anfibios e insectos, utilizan a auga para reproducirse e desenvolver as súas crías.



Limparontes



Ambroíño

Algunhas plantas viven mergulladas, total ou parcialmente e teñen órganos que aseguran a súa flotabilidade.



Utricularia, unha planta carnívora que vive dentro da auga.



Xacinto de auga